

VIII Premios Joven Empresario/a de Galicia

Presentación

A Federación Galega de Xoves Empresarios –AJE Galicia é unha organización de ámbito autonómico con carácter multisectorial e sen ánimo de lucro, circunscrita ao ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. Está integrada polas Asociacións de Xoves Empresarios de A Coruña, Ferrolterra, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, que representan a máis de mil empresas lideradas por novos empresarios galegos.

Ao longo de dúas décadas, AJE Galicia e as Asociacións de Xoves Empresarios integradas nesta apoiaron aos mozos emprendedores e empresarios galegos mediante a organización de actos propios como na colaboración coa Administración Pública e outras entidades privadas. As devanditas acción de apoio incidiron dende os primeiros pasos para a constitución da empresa ata a súa consolidación, incluíndo a xestión de liñas de financiamento sen achega de garantías.

AJE Galicia no seu compromiso coa promoción e difusión da cultura emprendedora, a innovación empresarial, a creación de emprego e a internacionalización da peme organiza este ano a VII Edición do Premio Joven Empresario/a de Galicia. O seu obxectivo é premiar o labor daqueles emprendedores e novos empresarios que co seu esforzo e dedicación contribúen día a día a crear riqueza e xerar emprego na nosa terra.

Este Premio supoñerá para o novo empresario gañador a proxección, a través de medios de prensa e publicidade, da súa actividade empresarial. Ao mesmo tempo que serve de exemplo de superación á xuventude galega mostrando que o autoemprego e a innovación neste eido é outra posibilidade de traballo.

Lugar e Data de Celebración

Nesta edición, o evento celebrarase en Sanxenxo, continuando así unha rotación que cada ano levará os premios a cada unha das principais cidades de Galicia.

O acto celebrarase en Sanxenxo o día 04 de Abril ás 20.00 horas no Clube Náutico de Sanxenxo.

Premios

Esta VIII Edición do Premio Joven Empresario/a de Galicia comprende dúas categorías e catro accésit:

- **Premio Joven Empresario/a de Galicia 2019**
- **Premio Joven Emprendedor/a de Galicia 2019**
- **Accésit á Innovación.**
- **Accésit á Creación de Emprego.**
- **Accésit á Internacionalización.**
- **Accésit á Responsabilidade Social Empresarial.**

Bases VIII Premio Joven Empresario/a de Galicia

1. Primeira: Requisitos dos candidatos/as

- Poderán presentárense todos aqueles empresarios novos con **data de nacemento posterior ao 1 de xaneiro de 1978.**
- **Non teren cumpridos os 41 anos á data de presentación da súa candidatura aos premios.**
- A empresa terá **domicilio social na Comunidade Autónoma de Galicia.**
- O **capital social** das empresas candidatas deberá estar participado nun **25%** como mínimo por **persoas físicas menores de 41 anos.**
- A empresa non poderá estar participada por entidades ou empresas de titularidade pública.

Premio Joven Empresario/a de Galicia 2019: Emprendedor con empresa constituída, en calquera das súas formas xurídicas, con antigüidade superior a dous anos.

Premio Joven Emprendedor/a de Galicia 2019: Emprendedor que constituíra a empresa e non supere os dous anos de actividade.

Os membros da Comisión Executiva da Federación Galega de Xoves Empresarios – AJE Galicia quedan excluídos como candidatos ao Premio Joven Empresario/a de Galicia.

2. Segunda: Premios

a. Categorias Principais

i. Joven Empresario/a de Galicia 2019

Cheque económico de 1.500 + Cheque formativo na IESIDE valorado en 8.100 €+ Galardón conmemorativo

ii. Joven Emprendedor/a de Galicia 2019

Cheque económico de 1.500 + Cheque formativo na IESIDE valorado en 8.100 €+ Galardón conmemorativo

b. Mencions de Honra

i. Á Innovación

Cheque económico de 500 €+ Galardón conmemorativo

ii. Á Internacionalización

Cheque económico de 500 € + Galardón conmemorativo

iii. Á Creación de Emprego

Cheque económico de 500 € + Galardón conmemorativo

iv. Á Responsabilidade Social Empresarial

Cheque económico de 500 € + Galardón conmemorativo

Todos los inscritos recibirán un Diploma de participación.

3. Terceira: Xurado

Os membros da Comisión Executiva de Federación de Xoves Empresarios de Galicia – AJE Galicia constituirán o Xurado sen prexuízo de integrar no mesmo a aquelas personalidades que pola súa relevancia política ou empresarial fora de interese da súa participación.

No caso de existir un número elevado de candidaturas o comité executivo de AJE Galicia reservarase o dereito a realizar unha preselección dos proxectos elevando ao xurado as empresas finalistas. Os gañadores/as dos Premios convocados polas Asociacións de Xoves Empresarios integradas nas Federación Galega de Xoves Empresarios de Galicia automaticamente serán finalistas.

As decisións do xurado serán inapelables e adoptaranse por maioría simple. No caso de empate decidirá o voto de calidade do/a presidente/a do Xurado. A resolución darase a coñecer o mesmo día do acto de entrega dos premios.

A participación no Concurso implica a íntegra aceptación das presentes bases que quedan á interpretación do Xurado.

4. Cuarta: Criterios de Valoración

O Xurado conta con total liberdade de criterio tendo en conta os seguintes indicadores:

Premio Joven Empresario/a de Galicia 2019

- Creación de Emprego Estable.
- Evolución dos beneficios da empresa.
- Volume dos investimentos realizados.
- Carácter innovador do proxecto.
- Grao de proxección nacional e internacional.
- Boas prácticas na xestión empresarial.
- Respecto polo medio ambiente.
- Grao de implicación no asociacionismo empresarial.

Premio Joven Emprendedor/a de Galicia 2019

- Grao de definición do produto ou servizo.
- Innovación que supón o produtos ou servizo.
- Proxectos enmarcados en sectores emerxentes.
- Perfil dos promotores.
- Orixinalidade.
- Respecto polo medio ambiente.

Mención de Honra á Internacionalización

- Valorarase a expansión de produtos e servizos en mercados internacionais.

- Valorarase o impulso á diversificación tanto xeográfica como funcional.
- Valorarase a asignación de recursos financeiros e humanos apostando por unha estratexia claramente internacional.

Mención de Honra á Innovación

- Terase en conta a creatividade, ideas innovadoras e os procesos de investigación e/ou desenvolvemento.
- Recoñeceranse aquelas accións de carácter novidoso ben sexan de índole tecnolóxica coma produtos, servizos e/ou procesos de investigación que supoñan unha mellora na competitividade empresarial ou na sociedade en xeral.

Mención de Honra á Creación de Emprego

- Valorarase o número de postos de traballo creados por conta allea, especialmente aquelas contratacións indefinidas iniciais así como as transformacións previstas de contratos temporais a indefinidos.

Mención de Honra á Responsabilidade Social Empresarial

- Valorarase a contribución activa e voluntaria á mellora social, económica e ambiental, especialmente o crecemento sostible e as actuacións de igualdade.

O Xurado pode considerar oportuno escoitar ás persoas e empresas finalistas. Neste sentido, os participantes comprométense a desprazárense ao lugar das deliberacións no caso de resultar finalista e de requirilo o Xurado. Do mesmo xeito, estarían na obriga de presentar ante o Xurado calquera documentación que este lle requira.

5. Quinta: Presentación de Candidaturas

O **modelo de candidatura** deberá ser cumprimentado e entregado xunto coa **documentación complementaria en formato dixital a AJE Galicia** no seguinte **endereço electrónico**: premio@ajegalicia.com

As candidaturas presentadas deberán axustarse en modo, tempo e forma ao exposto nas bases dos Premios e estar debidamente documentadas e razoadas, con datos e información que se

consideren oportunos para fortalecer as propostas e ser suficientes para que o xurado poda analazalas en profundidade.

As candidaturas, xunto coa documentación sinalada nas bases, terá que remitirse **antes das 23:59 horas do Domingo 31 de Marzo**.

6. Sexta: Documentación

Documentación Obrigatoria:

- Solicitud de presentación de candidatura (Anexo I)
- Declaración xurada (Anexo II)
- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade (DNI) ou documento acreditativo da idade dos socios da empresa candidata.
- Tarxeta CIF da empresa.
- Declaración Censal de Inicio da Actividade (Modelo 036) presentado ante a Axencia Tributaria.
- Balance simplificado do exercicio anterior.
- Logotipo da empresa.

Documentación Optativa:

- Calquera outro tipo de certificación da empresa (calidade, protección de datos, prevención de riscos laborais, premios, distincións, etc.)
- Publicacións de carácter publicitario, anuncios, mencións, aparicións nos distintos medios de comunicación. Aceptando tamén o envío dun documento anexo cunha presentación da empresa.

A presentación desta declaración non exclúe as posteriores comprobacións de documentos acreditativos que puidese levar a cabo o comité organizador para a verificación de estes ou outros datos.

7. Sétima: Protección de Datos

De conformidade co disposto na Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal 15/99, a Federación Galega de Xoves Empresarios – AJE Galicia informa que os datos recollidos na inscrición do VIII Premio Joven Empresario/a de Galicia serán incorporados a un ficheiro

denominada “Premio AJE Galicia” inscrito no Rexistro da Axencia Española de Protección de Datos do que é responsable AJE Galicia.

Sendo os datos obtidos co consentimento expreso do interesado serán utilizados única e exclusivamente para o presente PREMIO.

Coa aceptación das bases, vostede consinte o tratamento dos datos recollidos na inscrición coa finalidade mencionada e autoriza expresamente á Federación Galega de Xoves Empresarios – AJE Galicia para comunicarlle os citados datos a terceiras entidades. Dita comunicación farase coa única finalidade de poder levar a cabo a organización do VII Premio Joven Empresario/a de Galicia.

Os posibles destinatarios serán todas aquelas entidades que poidan formar parte da organización de dito premio.

Pode exercer os dereitos de acceso, oposición, rectificación e cancelación nos termos previstos pola Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal mediante carta e achegando a fotocopia do DNI no seguinte enderezo: AJE Galicia – c/Rosalía de Castro, 1 Centro de Negocios Santiago-Local 2 15701 Santiago de Compostela

Oitava: Aceptación

A concorrencia desta convocatoria supón a plena aceptación destas bases.